

MATEMÁTICAS


- **Leer con atención** el cuadro rojo “Los ángulos”.
- Ejercicios 1, 2, 3, 4, 5 y 6. (Utilizar la regla si es necesario).

Los ángulos

Los elementos de un ángulo son los **lados**, el **vértice** y la **amplitud** o **abertura**.


El tamaño de un ángulo viene determinado por su abertura.

Para comparar dos ángulos, se superponen, haciendo coincidir el vértice y uno de los lados.




El ángulo rojo es mayor que el ángulo verde, porque tiene mayor abertura.

Un ángulo se puede asociar a un **giro**.



Para permitir el paso, la barrera gira y se levanta un determinado ángulo.


- 1 Dibuja un ángulo y colorea los lados de azul, el vértice de rojo y su abertura de verde.
- 2 Copia y escribe los nombres de los elementos señalados.



- 3 Copia estas rectas y señala los ángulos que forman:



- 4 ¿En cuál de los tres abanicos se ha abierto un ángulo mayor? ¿Y menor?



- 5 La calle B termina en la calle A formando dos ángulos. ¿Cuál de ellos es mayor, el que contiene a la biblioteca o el que contiene a la iglesia?



- 6 Ordena, de menor a mayor, los ángulos señalados en esta figura:



- 7 Dibuja un reloj y colorea de azul el ángulo que gira la aguja grande desde las ocho hasta las ocho y cuarto.



LAS OCHO EN PUNTO



LAS OCHO Y CUARTO

- Dibuja tres nuevos relojes con una hora que describa un ángulo con la misma amplitud que el ángulo del primer reloj. ¿Qué hora marcan?
- ¿Existen más horas que tengan la misma amplitud? Dibújalas sobre relojes en tu cuaderno.

CÁLCULO MENTAL

Restar 11 a números de dos cifras.

$$\begin{array}{r} 43 \\ -10 \\ \hline 33 \\ -1 \\ \hline 32 \\ -11 \\ \hline \end{array}$$

$35 - 11$

$40 - 11$

$53 - 11$

$66 - 11$

$91 - 11$

$31 - 11$

$46 - 11$

$59 - 11$

$72 - 11$

$80 - 11$

LINGUA GALEGA

- Ler a fábula e facer os ex. 2 e 3.
- Anímate a escoitar estas fábulas:
 - <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1286264019/contido/esopo/1/fabulas.html>

A fábula

LITERATURA

Unidade

A **fábula** é un conto breve que contén unha ensinanza.
Os personaxes son animais que pensan, falan e actúan como as persoas.

1 Le a seguinte fábula:

Estaban o galo Quirico e mais unhas galiñas peteirando tranquilamente cando viron vir un raposo. O galo enseguidiña deu a voz de alarma, e as galiñas voaron a poñerse a salvo nas pólas dun carballo.

—Bos días, señoras galiñas! Bos días, señor galo! —dixo o raposo moi educado—. Traio moi boas novas para todos os animais! De hoxe en diante todos os animais seremos amigos, perdan coidado.

—Que é o que di, señor raposo? Que teñamos coidado? —preguntou o galo—. Xa llo temos!

—Non, amigo, que perda coidado! Acaba de saír unha lei que di que nin os gatos poden comer ratos, nin os raposos galos, nin os cans raposos? Baixen, baixen para ler o documento!

—Pois debe ser certo o que dis, raposo, que veñen por alí dous cans coa boca aberta e a lingua fóra. Vou-nos chamar e xa nos ensinas o documento a todos xuntos.

O raposo García, vendo que a mentira que inventara non lle servira de moito, botou a correr dicindo:

—Non agardo, non, que as leis do rei tanto van como veñen!



Antonio Reigosa: *O galo avisado e o raposo trampulleiro*,
Edicións Xerais (adapt.).

2 Busca un exemplo do que fan os animais como se fosen persoas:

- a) Dialogar. b) Ler. d) Falar con educación.

3 Que ensinanza achega a fábula? Escolle a opción correcta:

- ☐ «Non confíes en todo o que che contan».
- ☐ «Máis vale modestia e esforzo, que orgullo e descoido».

LENGUA CASTELLANA

- Del “Resumo” hacer **solo ortografía y gramática**.
- Hacer los ejercicios **1, 2, y 3** (Intentar hacer buena letra).

REPASO DE LA UNIDAD

RESUMO

Copia y completa el esquema de contenidos.



Ortografía

- El **sonido suave** de la **r** se escribe con ...
- El **sonido fuerte** de la **r** se escribe con ... al principio de palabra; con ... entre vocales y con una sola **r** detrás de ..., ... y **s**.
- Los **dos puntos** se emplean después de anunciar una ... y antes de las palabras que ...

Gramática

- Los **determinantes posesivos** son palabras que acompañan al ... e indican ... pertenece algo.
- Los **determinantes numerales** indican **cantidad** u ...

Vocabulario

- Los **diminutivos** indican ... tamaño. Se forman al añadir a las palabras terminaciones como ...
- Los **augmentativos** indican un tamaño... Se forman al añadir a las palabras las terminaciones ...

Expresión oral y escrita

- Para **describir** un animal, debes fijarte en ... y decirlas siguiendo un orden.

Literatura

- El **teatro** se escribe para ser ... en escena. Los personajes son los que cuentan la historia a través de sus ...

1 Copia y completa con **r** o **rr**.

En_ique	ci_uelo	al_ededor
ho_ible	en_edado	a_iesgar
fa_ola	sie_a	centena_io
a_ancar	ve_eda	_iesgo

2 Clasifica las palabras anteriores según tengan sonido **r suave** o **r fuerte**.

3 Copia estas oraciones y escribe los dos puntos donde corresponda:

- Visitaron tres países Francia, Bélgica e Italia.
- Prepararon la fiesta entre todos alumnos, profesores y padres.
- En el cartel se podía leer «Prohibido gritar».

CIENCIAS SOCIAIS

- Comezamos o tema “A localidade e o concello”.
- Ler as dúas páxinas e facer as actividades 1, 2 e 3.

Como son as aldeas?

As aldeas son **localidades pequenas**. Os seus habitantes forman a **poboación rural**. ①

As súas características principais son:

- As **casas** son baixas e nelas vive unha soa familia e adoitan estar rodeadas de hortas e campos. Entre unhas casas e outras hai camiños e entre as aldeas hai pequenas estradas.
- Teñen poucos habitantes. Moitas delas non chegan a 50 persoas.
- A maior parte da poboación rural traballa en actividades relacionadas coa natureza, como a **agricultura**, a **ganadería** e mais a **pesca**. Algún dos habitantes das aldeas non traballan as terras, senón que se trasladan diariamente para traballar ás cidades e vilas próximas.
- Nas aldeas **non hai moitos servizos**. Por iso, os seus habitantes teñen que ir ás vilas e ás cidades máis próximas para acudir ao hospital ou ao instituto.

Como son as vilas?

As vilas son **localidades de tamaño mediano**, máis grandes ca as aldeas e máis pequenas ca as cidades. ②

As súas principais características son:

- Teñen casas baixas e edificios de pouca altura. As súas rúas son curtas e estreitas.
- Nas vilas viven bastantes persoas.
- A maioría das persoas das vilas traballan nos servizos, sobre todo nos comercios, e na industria da zona. Nas vilas costeiras moitos dos seus habitantes dedícanse á pesca e ao turismo.
- Nas vilas os habitantes percorren a pé **distancias curtas** para ir dun lugar a outro da localidade. Por iso, non hai moito tráfico de automóbiles e a contaminación do aire é escasa.

As aldeas son localidades pequenas e as vilas son localidades de tamaño mediano.



① Quins. Aldea do concello de Melón, en Ourense.



② Fisterra. Vila da provincia da Coruña.

TRABALLA COA IMAXE

- Como son as casas da aldea de Quins? Que hai entre elas?
- Que construcións destacan no centro da aldea? Cal cres que é ou foi a súa función?
- Que construción destaca na vila? Terá unha función importante?
- Cantos habitantes calculas que viven na aldea? E na vila?
- A que traballos se dedicarán os seus habitantes?

Tipos de aldeas e vilas

As aldeas e as vilas son diferentes dependendo da paisaxe en que estean e da forma que teñan. Así, hai:



Arredor dunha praza

As rúas saen da praza e as casas están agrupadas. Estas localidades adoitan estar nas paisaxes de chaira e son de tamaño mediano.



Á beira dun camiño

Teñen unha rúa ou unha estrada principal. As casas agrúpanse á beira dela. Estas localidades adoitan localizarse nas chairas.



De porto de mar

As casas vanse amoreando arredor do porto, pois este é o punto arredor do que xira a vida dos habitantes.



Con casas illadas

Están formadas por casas separadas unhas das outras. Este tipo de aldea é propio das paisaxes de montaña.

ACTIVIDADES

- 1 Explica o que é unha aldea e o que é unha vila.
- 2 Quen forma a poboación rural? En que traballan principalmente?
- 3 En que traballa a poboación das vilas?
- 4 Que tipos de aldeas e vilas pode haber? Explica cada un deles.